



Pola esquerda, Eva Vera, Dolores Fernández Galiño, Rosario Álvarez e Lorena Moreno. Foto: CCG

## Diferentes institucións piden igualdade de trato no Día do Pobo Xitano

**Un encontro organizado polo CCG incide en que é necesaria a inclusión e desterrar estereotipos**

**Santiago.** Recoñecer legalmente o matrimonio xitano, combater estereotipos, tender pontes, visibilizar desigualdades e lembrar o papel dos maiores son algunhas das ideas que se manifestaron na xornada *Pobo xitano: por unha sociedade máis igualitaria II* que onte, Día Internacional do Pobo Xitano, celebraron o Consello da Cultura Galega (CCG), a Valedora do Pobo e a Fundación Secretariado Gitano. Os relatorios xa se poden consultar desde o web e as redes sociais do CCG.

“En Galicia residen uns 13.000 xitanos, unha cifra que amosa que non son unha minoría e non poden pasar desapercibidos” asegurou Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega, quen incidiu na relevancia desta xornada a prol da tolerancia, a inclusión e a igualdade dun

pobo que, pola súa condición de emigrante, sabe o que é en carne propia a importancia da integración.

A Valedora do Pobo, María Dolores Fernández Galiño, fixo na súa intervención un chamamento aos poderes lexislativos a saldar unha “débeda histórica e recoñecer o matrimonio xitano, un dos sinais de identidade dun pobo que ten máis de cincocentos anos e que está perfectamente integrado na cultura española”.

Pola súa parte, Eva Vera, delegada territorial da Fundación Secretariado Gitano, enmarcou a celebración desta cita no 50 aniversario do I Congreso Mundial roma/xitano realizado en Londres en 1971, no que se instituíron catro símbolos de especial transcendencia: o idioma, a bandeira, o himno xitanos e a data do 8 de abril como o seu Día Internacional.

Eva Vera, xunto coa técnica da oficina de Santiago, Lorena Moreno, fixeron entrega da bandeira da cultura xitana, que simboliza a historia deste pobo. **ECG**